

O HOMIÑO VESTIDO DE GRIS E OUTROS CONTOS

Texto de FERNANDO ALONSO

Ilustracións de ULISES WENSELL

Tradución de RAMÓN NICOLÁS

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 88 páx. 15 €.

-PREMIO LAZARILLO 1977

-LIBRO DE INTERÉS INFANTIL DO MINISTERIO DE CULTURA 1978

-LISTA DE HONRA IBBY 1980

-SELECCIONADA POLA FUNDACIÓN GERMÁN SÁNCHEZ RUIPÉREZ
COMO UNHA DAS CEN OBRAS DA LIX ESPAÑOLA DO SÉCULO XX

O homiño vestido de gris e outros contos (galego)

ISBN 978-84-8464-890-1. Sete Leguas.

El hombrequito vestido de gris y otros cuentos (castelán)

ISBN 978-84-8464-839-0. Siete Leguas.

Era unha vez un home

que sempre ía vestido de gris.

Tiña un traxe gris,

tiña un chapeu gris,

tiña unha gravata gris e un bigotiño gris.

O homiño vestido de gris

facía cada día as mesmas cousas...


“O homiño vestido de gris e outros contos” é un clásico publicado en 1978 que reúne oito relatos poéticos, co encanto e coa maxia de antano, para seguir emocionando os lectores do presente e do futuro. Fernando Alonso expón que, con imaxinación, pode haber máis dun final para unha historia e que os sonhos ás veces cúmprense.

Tamén nos invita a facer unha reflexión sobre a utilidade e a beleza oculta dos obxectos; ou sobre a busca da felicidade e a súa conquista grazas ao esforzo colectivo. A liberdade está presente nas páxinas deste libro, xunto coa fantasía e coa ilusión.

Advírtenos sobre a tiranía e defende a loita pola igualdade.

Destas lecturas despréndese a importancia de combater a intolerancia, a inxustiza e o egoísmo, de volver á nenez e de gozar dos pequenos momentos para construímos un mundo mellor.

Acompañando os textos, as fermosas e sinxelas ilustracións de Ulises Wensell achegan frescura e dinamismo: caligrafías, escenas descritivas, detalles de obxectos e personaxes, e símbolos decorativos, completan a obra.



■ **Temática:** oito relatos poéticos de ficción.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil e xuvenil; reflexións sobre a liberdade e a xustiza, a felicidade e os sonhos, a igualdade e a tolerancia.

Fernando Alonso


(Burgos, 1941)

Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Madrid, é escritor e xestor cultural. Traballou en radio e televisión; obtivo un Premio Ondas en 1977. Publicou o seu primeiro libro en 1971. Con máis dunha vintena de títulos, a súa obra está traducida en varios idiomas. Recibiu o Premio Lazarillo 1977, o Premio Mundial de Literatura José Martí 1997 e o Premio Especial La Rosa Blanca 1997. Figura na lista The White Ravens e ten mencións nas listas de honra da CCEI, do Premio Andersen, do Premio Europeo de Literatura Xuvenil e do Banco do Libro de Venezuela. Foi candidato ao Premio Internacional Astrid Lindgren en 2006, 2007, 2008 e 2009.

Ulises Wensell

(Madrid, 1945-2011)

Aínda que estudou Química Industrial en Madrid, comezou a súa traxectoria artística ilustrando series didácticas para escolas e editoriais de varios países. Traballou en programas infantís de TVE e colaborou con revistas especializadas a nivel europeo. Participou en congresos e exposicións en España, Estados Unidos, México e Italia; a súa obra exhibiuse na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Foi galardoado co Premio Nacional de Ilustración 1978, co Premio Lazarillo 1979 e candidato ao Premio Andersen 2008.



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com